

---

## ANPA DO CEP BREA SEGADE TARAGOÑA

---

NOVIDADES CURSO ESCOLAR 2023/24

### 1\_ COMEDOR ESCOLAR

Dende a Anpa do Brea Segade xestionamos un servizo de comedor escolar con capacidade para 20 usuarios/as.

O servizo préstase mediante a empresa de cátering "Aliméntate" do Grupo Chicolino Restauración e sírvese no propio centro, onde disponemos dun comedor acondicionado ó efecto.

O alumnado será recollido polo/a monitor/a na súa aula ó remate das clases e acompañado ó comedor.

O/a monitor/a realiza as labores de vixancia e coidado do alumnado ata as 16:30 horas.

Deberán ser recollidos/as polos seus familiares no centro (a través de chamada telefónica no número de contacto que se facilita ós/ás usuarios/as).

No caso de acudir a alguna actividade extraescolar da Anpa, son acompañados/as polo/a monitor/a ou polo persoal da propia actividade, e deberán ser recollidos polos familiares unha vez finalizada a mesma.

#### **Precio menú para o curso 2023-2024:**

Opción 1: Mes completo /Días fixos semana a 5,90 €/día.

Opción 2: Días esporádicos a 7 €/día.

Os días indicados na ficha de inscrición serán cobrados pola empresa. **Para causar baixa no servizo de comedor, será necesario comunicalo a empresa de cátering e a ANPA con 15 días de antelación.**

Informaremos do día en que o servizo comezará a funcionar nestas condicións a principios do curso, xa que depende de que se reúna o mínimo de nenos diarios que nos esixe a empresa.

Pregamos que nos fagades chegar o formulario, o antes posible, polas seguintes vías:

- En papel no buzón da Anpa que temos á vosa disposición na entrada do colexio,
- Por correo electrónico: [anpabreasegade@gmail.com](mailto:anpabreasegade@gmail.com)

## 2\_ USO DE BIBLIOTECA

Dende a ANPA solicitóuselles a Dirección a modificación das Normas de Ordenación e Funcionamento do noso centro para ofrecer **mecanismos de conciliación as familias**.

Aprobada dita modificación no último Consello escolar, os nenos poderán facer uso da Biblioteca polas **tardes os días que a mesma se encontre aberta** sen a necesidade de estar acompañado/a o neno/a por un adulto.

É decir, todos os usuarios do comedor escolar, poderán en eses días de apertura de biblioteca facer uso da mesma de maneira inmediata da saída do comedor. Sendo o propio monitor de comedor o que entregue o neno/a o profesorado de garda de ese día.

Os días de apertura de biblioteca son de Outubro a Maio (martes, mercores e xoves)

O uso de este servizo conleva unhas normas de obrigado cumprimento por parte das familias.

*1º O espazo onde se realizará a garda será exclusivamente o interior da sala de lectura.*

*2º O alumnado será entregado na biblioteca e recollido na mesma, previa sinatura do correspondente xustificante.*

*3º Os adultos que entregan e recollen ao alumnado serán o pai, a nai, titor/a ou persoal autorizado.*

*4º A recollida do alumno/a terá como **hora límite as 17:15**.*

*5º O alumnado usuario da biblioteca non poderá saír da mesma ata ser recollido pola persoa autorizada. Caso de ter que ir ao baño, usará os do Patio Cuberto, avisando previamente á bedel para que esta estea pendente do alumno ou alumna no seu tránsito fora da biblioteca.*

*6º O neno ou nena usuario da biblioteca, non poderá abandonar a mesma co seu familiar ou persoa autorizada que o veña buscar, antes de que teña recollido o espazo por el utilizado.*

*7º Calquera incumprimento das normas xerais de funcionamento da biblioteca (coidar mal o material, molestar aos compañeiros/as, mal comportamento...) será considerado motivo de sanción.*

Grazas!

O Equipo Directivo (Anpa Brea Segade).